


As adaptacións curriculares: Limitacións e perspectivas



A escasa autonomía curricular

A idea de adaptar o curriculum ás necesidades particulares dos alumnos e ó entorno social e natural dos centros non é nengunha novidade. Pedagogos, psicólogos e moitos profesionais preocupados por mellorar a calidade do ensino insisten unha e outra vez neste principio. Ata o de agora, gran parte das análises feitas para desvelar as razóns da falta de adaptación, inciden desde un punto de vista técnico na existencia no noso país de deseños curriculares pechados. Unha proposta pechada caracterízase pola precisión das prescricións, é dicir pola determinación dos obxectivos, contidos e estratexias, dando escasa marxe ó docente para introducir as variacións que os discentes a as situacións peculiares de ensino aprendizaxe poden demandar. Neste plantexamento, a énfase ponse máis nos resultados de aprendizaxe que no mesmo proceso. A Administración Educativa detalla nos programas aspectos que dificultan a toma de decisións por parte do profesor coa suficiente flexibilidade. En España, este foi, a grandes rasgos o modelo seguido, o que provocou un forte centralismo, dificultades engadidas para as iniciativas innovadoras e en determinadas situacións un esaxerado celo para comprobar o seguimento dos dictados "oficiais" e evitar "desviacións". Durante a etapa franquista, ademais, hai que destacar o intervencionismo nos contidos e formas pedagóxicos co afán de impoñer uns determinados esquemas ideolóxicos. A persistencia no tempo dun plantexamento semellante incidiu notablemente na configuración dunha determinada mentalidade curricular no profesorado, caracterizada, pola escasa autonomía á hora de diseñar e desenrolar o curriculum. Neste senso, se ben é certo, que calquer docente "moldea" e filtra calquer proposta, a marxe de manobra no contexto español foi e aínda é moi reducida. Sin embargo, hai que recoñecer que un número moi elevado de profesores se guían fundamentalmente polas "prescricións" dos libros de texto -en Preescolar fichas estandarizadas de traballo-, máis que polos documentos oficiais. Estes libros traducen a propostas de contidos concretos e actividades o dictado nos Programas establecidos. A dependencia do libro de texto sustrae ó profesor de tarefas técnicas propias do oficio, incidindo deste xeito no alienamento profesional e na consolidación de materiais curriculares que á forza fomentan a **uniformización**.

O uso dos libros de texto como referente fundamental para desenrolar o curriculum, conduce a certos analistas a descalificar ó colectivo de docentes, relacionando dito uso con actitudes acomodaticias e a desatención ás

diferencias individuais dos alumnos e á territorialización curricular. Neste senso, se ben é certo que a dependencia dos manuais, pode derivar nalgúns casos da simple comodidade e da falta de compromiso profesional, é necesario ter en conta outros factores para explicala situación. Ademais da existencia de curriculums pechados, do lastre dunha longa etapa histórica non democrática, n ós queremos suliñar a deficiente formación inicial en aspectos epistemolóxicos, psicopedagóxicos e didácticos. A atención que reciben, por exemplo, as cuestións de análise curricular para desenrolar habilidades de comprensión do significado de materiais de ensino-aprendizaxe e de planificación das adaptacións autónomas, é cando menos insuficiente. A escasez de Proxectos Curriculares, mesmo na actualidade, en tempos de forte demanda ante as perspectivas da Reforma, e as dificultades que os mesmos equipos oficiais de deseño atopan na súa tarefa, son un reflexo de ditas insuficiencias. É indudable que a desatención da mesma Universidade por estas cuestións, cunha raquítica participación na investigación sobre o currículum, non favorece a consolidación dun corpus de coñecemento curricular imprescindible no desenrolo de **Plans de formación**, tanto inicial como permanente que impulsen a autonomía profesional dos docentes en aspectos como a selección, modificación e creación de materiais.

O reto dos deseños abertos

Non poucos críticos, alleos ás condicións laborais, á multiplicidade e complexidade de tarefas que desenrolan os profesores en niveis non universitarios -situación agravada no caso dos profesores de EXB- non se percatan das dificultades reais que un docente ten que afrontar para desprenderse do libro de texto e realizar as adaptacións curriculares pertinentes. Non imos insistir na falla de formación, senón na ausencia de materiais curriculares específicos e territorializados que poden facilitar o traballo.

As propostas dun deseño curricular aberto, que insiste na defensa dunha interrelación sistema-entorno, e que considera o aproveitamento didáctico dese entorno, integrando as distintas influencias na práctica escolar, consideramos que é moi difícil que logre xeneralizarse entre o profesorado, se ademais doutras medidas, non se ofertan materiais curriculares territorializados que ilustren e informen de como artellar e desenrolar as propostas teóricas. Non é suficiente con que a Administración opte no ámbito da política curricular por un modelo aberto que en principio posibilita responder

á diversidade de factores das distintas situacións educativas e actuar dun xeito non uniformador. O establecemento de dous niveis de concreción: **Diseño Curricular Base e Proxectos Curriculares**, sendo únicamente o primeiro de carácter prescriptivo pero que pretende respetar a diversidade, según se declara nos documentos oficiais, vai nesta liña.

A necesidade de materiais alternativos

Dende o noso punto de vista, é necesario realizar un enorme esforzo de produción e diseminación de materiais ilustrativos a nivel xeral, pero tamén de impulsar a elaboración e publicación de Proxectos curriculares adaptados ó entorno de cada centro, poñendo os medios necesarios tanto materiais, como formativos e organizativos. E cremos necesario non esquecer, que a territorialización do curriculum vai en contra dos intereses económicos das editoriais de libros de texto. A Administración debe incentivar a creación de grupos de profesores que se dediquen a elaborar materiais. Dúas liñas de traballo prioritarias serían:

- "Dossiers" de carácter informativo sobre o entorno.
- Recursos específicos para o aproveitamento didáctico do entorno.

O noso entender, diversas institucións públicas como os Concellos e as Diputacións, e outras privadas, deberán promover a publicación destes medios didácticos, de xeito que cheguen a tódolos profesores e poidan ser usados nas adaptacións curriculares que todo docente ha de realizar. Igualmente os futuros **Centros de Formación continuada do Profesorado** deberán establecer os mecanismos adecuados para que isto se produza. Deste xeito, os profesores contarán con recursos, que poden utilizar ou reelaborar sen que lles supoña un traballo desmesurado. Non é concebible que, por exemplo, nunha cidade como Orense, onde se construiu unha fermosa catedral medieval, non exista aínda material de traballo publicado para realizar unha visita activa cos alumnos ó monumento. Quizás sexa esta unha das razóns, polo que, a actividade dos rapaces no mesmo case sempre se reduza a escoitar as explicacións do monitor, nun modelo de "saída-exposición", ou mesmo o simple paseo "laissez-faire", de escasa rentabilidade didáctica.

Dende o noso punto de vista, os Seminarios Permanentes e Grupos de profesores, deberían ter como un dos eixos prioritarios de traballo a elaboración e experimentación de "dossiers" que faciliten as adaptacións curriculares.

EDUARDO X. FUENTES ABELEDO



OS MAIOS NA

Esta zona é moi fermosa
podem vir todas a vela
por arriba o sol eo ceo
e por abaixo o río cececa

Rubén Rodríguez Ferradás - 4 anos
Colexio Campo Feira
Carballiño

Esperamos que lles guste
o que vimos cantar mos
agora nos despedimos
e deixamosles adous

Silvia Diaz Vozes
Preescolar C. Feira
5 anos
Carballiño

Agora os nenos
por fin poder
que leven os an
e poñan parque inf

Amigos e Amigas
vinde contar
as coplas dos maios
que están a chegar

Carlos Gómez Reja
C.P. Manuel Suárez

Primeiro foron as vacas
os porcos e algunha mula
e logo os autobuses
que ocupan todola rúa

Pablo Fernández
5 anos - Preescolar
C. Campo Feira
Carballiño

Do C
Poror
a gr
que f

E xa
e ato
as au
foron
Pero
lles q
Nos n
facei
Ante
imos!!

NON QUEREMOS
A SIVA

Agora os nenos queremos por fin
poder elixir que leven os animais
e poñan parque infantil

Jose Andrea Otero
Marnoteo
4 anos
Colexio Campo Feira
Carballiño

DEFENSA
DO
SOL


Se chove no maio
imos denunciar
o xefe das nubes
por nos estafar.

Paula Gelpi 6º EGB

Primeiro foron as v
os porcos e algunha
e logo os autobuses
que ocupan todala




NA ESCOLA




Roberto Coca
Preescolar - 5 años
Campo Feira
Carballiño

...mos queremos
...er elixir
...animais
... infantil




Do Colexio enriba
foron poñer
a grúa do demo
que pode caer.



É xa os nosos mestros
e ata os nosos pais
as autoridades
fóronse queixar.
Pero estas, nin caso
lles quezen facer.
Nos mesmos debemos
face-las correr.
Ante os do Concello
imoslles berrar:
"Señor Pombo veña
a grúa cambiar"
FORA A GRUA
FORA A GRUA
FORA A GRUA

Joaquín Pérez
8º Curso EXB
Colexio = Lagoas-2




Maria Bercala
Preescolar - Campo da Feira
Carballiño

...on as vacas
...algunha mula
...atobuses
...todala rúa

Cada neno ceibou unha pomba

PLACIDO BLANCO BEMBIBRE *



Vimos a cada neno recortar, limitar, escribir, enmaquetar, deseñar, bocetar... e gustounos, e pensamos que ese talento non se debería esmorecer ó remata-la Semana do Coñecemento e emprego da prensa.


Coidamos que a Prensa, a Radio, a T.V. son técnicas de comunicación do noso tempo e coma tales debemos empregalas no ensino a cotío e con normalidade. Esas técnicas van favorece-lo emprego **normal** da nosa lingua. O seu emprego axeitado fará que a nosa lingua sexa tamen empregada de maneira **precisa** (cualidade esquecida sempre).

E xa que foi a semana da Prensa, non perdamos-la oportunidade de suñiar que foi formidable achegar o mundo da prensa á escola; pro sería imperdonabel non achegar o mundo do neno á propia deontoloxía periodística:

Preparación: a escola tentará ser lugar onde o neno aprenda nun currículo correlacionado.

Servicio a verdade: o neno debe saír da escola cun **sentido crítico** diante da realidade (evitando o fraude informativo).

E **atención o ben social:** é necesario que evitemo-lo **hiperindividualismo** (que favorecemos de maneira non cosciente).



Anque estou convencido de que o importante é facer bos **usuarios** da lingua, (mais que periodistas) parece-me de interés a práctica escolar da montaxe de un xornal. Penso que se fará con proveito cando logo dunha serie de traballos parsimoniosos -logo de ler prensa -logo de analiza-lo contexto da lingua -logo do estudio comparativo de editoriais...se entre na confección de artigos, crónicas, entrevistas, editoriais estudiando seriamente a singularidade de cada unha (valia coma exemplo: **unha noticia** ten moito mais interés se fala de **proximidade, da vida humana en perigo** e se **entreten**).

Non nos quedemos nunha imitación folclórica. O Periodismo merece unha imitación deontolóxica e seria.

O soves, na Mezquita, cando andábamos a facer Televisión escolar un neno diante de cámara dixo: "facer un xornal é **ceibar unha pomba**". De acordo.

* **COORDINADOR C. RECURSOS DE VIANA DO BOLC**

Coplas do Maio

1- Vinde acá amigos
poñede atención
e cantade as coplas
que o maio chegou.

2- Xuntémonos todos
en felix unión
a face-lo "maio"
con grande ilusión.

3- Collei para facelo
musgo nos valados
flores de pampullo
cocas dos carballos.

4- Escoitade atentos
ó voso arredor.
canta ó maio o cuco
mailo reiseñor.

5- Deixade as "rutinas"
sen preocupación
que face-lo "maio"
e boa lección...

6- Escribi-las coplas,
Buscar material,
cantar e coser,
xuntos traballar...

MARIA SAUDE

LIBRO

Juegos y deportes cooperativos

Terry Orlick
Editorial Popular. Madrid 1986

Neste libro preténdese dar a coñecer a pais e a educadores a necesidade de educalos nenos na cooperación, na aceptación e no éxito.

Partindo de que unha das necesidades básicas do neno é o xogo o autor fai unha interesante recopilación de xogos dende as primeiras idades ata a idade adulta. Trátase de xogos cooperativos nos que os nenos deben axudarse colaborando coma un conxunto para acadar un fin común. No xogo cooperativo todos cooperan... todos ganan... e ninguén perde. Tales xogos eliminan o medo ó fallo e ó fracaso. Reafirman a confianza do neno en si mesmo.

A idea principal do libro é sinxela: os nenos xogarían xuntos, non uns contra os outros. Cando os nenos descubran que o seu valor como persoa non será destruído pola puntuación dun xogo, os xogos (estructurados) e os compañeiros de xogo poderán enfocarse baixo unha nova luz.

Faixe unha minuciosa análise das componentes esenciais que debe ter un xogo para que sexa cooperativo, para que non haxa máis xugadores descalificados sentados nun banco. Estes componentes serían: cooperación, aceptación, participación e diversión. Trátase dunha obra que, en definitiva, plantexa unha alternativa positiva ós xogos competitivos.

MARIA LUISA PUGA GARCÉS.
PROFESORA EXB.



TIRA

Cada vello que morre é unha biblioteca que arde

Os ensinantes podemos facilitar o acceso da xente nova ó saber conservado na memoria. Primeiramente, facéndollo valorar, dada a subestima na que xace por mor da asoballadora hexemonia da cultura da información urbana, actual, efímera e difundida mediante soportes tecnolóxicos.

Está claro que esta tarefa, ó incidir sobre o entorno próximo dos estudantes e ser algo vivo e connotativo para eles, pode converterse nun extraordinario xeito de motivación para que coñezan a Historia (así, con maiúsculas, mercede a moitas, primordiais e miles de minúsculas) do noso país e se sintan identificados e vencellados á súa sorte. Polo demáis, tender esa ponte ilativa entre rapaces e vellos é tamén unha maneira de vertebrar Galicia.

Non hai que insistir demasiado na urxencia desta "operación memoria".

Compre bulir posto que o tempo deseca implacablemente as nosas fontes, ameazando con esta forma de desertización intelectual que é a amnesia. O conxunto da cultura tradicional galega, incluído este tesouro ricaz que é a toponimia menor, corre o risco de perderse. Como afirmaba Eduardo Galeno: "Cada vello que morre é unha biblioteca que arde".

(Este fragmento pertence ó artigo de Xabier Castro "Sobre a Didáctica da Historia", publicado incompleto no suplemento **Na Escola**. Incluímolo neste número porque só co fragmento enteiro se pode valorar adecuadamente o sentido deste enfoque metodolóxico da investigación histórica, e porque as fontes orais son útiles tamén no coñecemento das nosas tradicións, como son os "maios" e demáis festas populares).

NOVAS

O Concello de Ourense vai publicar unha unidade didáctica sobre Celso Emilio Ferreiro feita polos Centros de Recursos da Provincia.

A Xunta de Persoal Docente acordou entre outras facer chamamento para que a Consellería se faga cargo do funcionamento e xestión dos comedores escolares. Así mesmo acordou pedir a creación de seminarios en todo os centros de Formación Profesional.

Existe gran preocupación pola escaseza e falta de

información sobre plazas escolares de BUP para o próximo curso. A pesares da recente inauguración do 5º Instituto, calculase en unhas 200 o número de plazas sin cubrir polo que é previsible que teña que seguir a extensión da Carballeira en condicións lamentables.

Escomenzou a selección dos profesores de EXB que solicitaron facer os cursos de Educación Física. Lamentamos que estes teñan lugar nos meses de fin de curso con grave perxuício para o funcionamento dos Centros e de cara ó fin de Curso.

NA ESCOLA

Suplemento do ensino de **La Región** (Ourense).

Consello de pedagogos asesores:
Xosé Manuel Cid (coordinador)
Mercedes Suárez Pazos
Mariló Candedo
Mercedes González Sanmamed
Manolita Garrido
David Cortón

Colabora:
Nova Escola Galega

Maqueta:
Departamento de diseño de **La Región**.



A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

